

## INGRESO NA RESIDENCIA DA 3ª IDADE “GABINO GARCIA FDEZ” DO CONCELLO DE MANZANEDA



O concello de Manzaneda é o titular da Residencia da Terceira Idade “Gabino García Fernández” sendo a súa xestión totalmente pública. Atende as necesidades sociais, sanitarias e de coidados de corenta anciáns que, por diversas circunstancias, fundamentalmente soidade ou perda de autonomía, precisan asegurar os ditos coidados fóra do domicilio. A devandita atención préstase ás veces de forma temporal ou de forma permanente ata a fin da vida do residente.

Ademáis da normativa estatal e autonómica de aplicación o funcionamento do Centro atópase regulado a través da Ordenanza reguladora da Asistencia e Estancia na Residencia da Terceira Idade de Manzaneda, aprobada polo Pleno da Corporación e publicada no BOP número 132 de 10 de xuño de 2.000 e modificada por acordo de Pleno de 29 de xaneiro de 2.010, publicada no BOP de 22 de febreiro. Nesta Ordenanza regúlanse os servizos que se prestan no Centro: Básicos e complementarios, a tipoloxía de prazas e o acceso ás mesmas, así coma o cambio de tipoloxía, e os custos e obrigados tributarios derivados de todo o anterior.

### **Instalacións.**

Esta Residencia da terceira idade situada na vila de Manzaneda, ó lado do Centro de Saúde, na finca O Palomar, Conta con corenta prazas de tipoloxía mixta das cales dezaoito están concertadas coa Xunta de Galicia para atención a persoas en situación de dependencia.

Ten vinte habitacións dobres, todas exteriores e estan dotadas de:

- Calefacción Central.
- Baño completo con axudas técnicas.
- Armario individual empotrado.
- Interfono para conexión interna.

### **Equipamentos:**

- Dous comedores: un para residentes con autonomía e outro para dependentes.
- Sala Polivalente.
- Sala de Ocio e televisión.
- Capela interior.
- Custodia de obxectos de valor.
- Conexión Wifi gratuita

### **Servizos que se prestan no Centro:**

O Centro conta cunha plantilla permanente integrada na do Concello de vintedous profesionais, cunha alta estabilidade laboral, contratos de laboral fixo e interinidade (agás substitucións), de acordo co vixente Convenio Colectivo de persoal laboral. Préstanse por parte do Centro os seguintes servizos:

- Estadia en réxime de pensión completa.
- Servizo de lavandería.
- Cociña propia e dietas adaptadas ás necesidades nutricionais.
- Servizo de Enfermería.
- Servizo de Fisioterapia e rehabilitación.
- Servizo de Animación Sociocultural e Terapias cognitivas.
- Servizo de acompañamento.
- Equipo multidisciplinar.
- Plan de coidados individualizado.